

Bases legais da Promoción "Plan 760"

CONDICIÓNS DA PROMOCIÓN

A entidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás, n.º 4, e provista do CIF n.º A48265169 (de agora en diante, o "BBVA") organiza a presente promoción, denominada "Plan 760" (de agora en diante, a "Promoción"), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as "Bases Legais").

1. En que consiste a Promoción?

A Promoción ten por obxecto fomentar a alta de clientes, así como a súa vinculación e actividade co banco sempre que estes clientes se desen de alta no BBVA, a través de www.bbva.es, m.bbva.es ou das aplicacións móbiles do BBVA (para sistemas operativos Android e iOS).

Os clientes poden cumprir cos requisitos esixidos nunha ou en varias subpromocións detalladas a continuación e no apartado 5 (todas dentro da Promoción Plan 760) e recibir, en consecuencia, a bonificación mensual que corresponda durante un "Período de Bonificación" de 365 días:

1.1. Subpromoción por domiciliación de nómina ou pensión:

Se cumpres os requisitos da subpromoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais relativos á domiciliación de nómina ou pensión, obterás unha bonificación de 33,33 € brutos (27,00 € netos) mensuais, cunha bonificación máxima acumulable por nómina de 400,00 € brutos (324,00 € netos) tal e como se explica no punto 13.

Ademais, o ingreso da túa nómina ou pensión debe realizarse mediante transferencia na conta, indicada no inicio deste documento, por un dos dous conceptos:

- Nómina: debe vir emitida de acordo coa codificación establecida para o aboamento de nóminas na normativa bancaria relativa a compensación de transferencias. É dicir, se o aboamento en conta se ingresa como transferencia, pero non vén identificada co código de nómina, non se realizará a Bonificación da Promoción. Non se contabilizarán tampouco as autotransferencias, con independencia de que sexan emitidas de acordo coa codificación mencionada.
- Pensión: debe ser pensión contributiva e complementaria ordenada pola Seguridade Social.

Para ver o funcionamento do "Período de Bonificación", vai ao apartado 6 destas Bases Legais.

1.2. Subpromoción pola domiciliación de cargos:

Se cumpres os requisitos da subpromoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais relativos á domiciliación na túa Conta do BBVA de polo menos un cargo, correspondente a algún dos servizos citados a continuación, obterás unha bonificación máxima mensual na túa Conta BBVA de 10,00 € brutos (8,10 € netos), cunha bonificación máxima acumulable por cargos de 120,00 € brutos (97,20 € netos). Para determinar a bonificación correspondente cada mes de todos os Cargos domiciliados susceptibles de seren bonificados, tomarase a suma de todos os que se apliquen, de tal forma que:

- Se o importe da suma dos cargos que se apliquen é maior ou igual a 10,00 €, entón a bonificación bruta asignada será de 10,00 €.
- Se o importe da suma dos cargos que se apliquen é menor a 10,00 €, entón a bonificación bruta asignada será igual ao importe do cargo.

Os servizos cuxa domiciliación de cargos dan dereito á bonificación teñen que ser prestados por:

- Servizos de luz e gas:

- Naturgy
- Endesa
- Iberdrola
- Repsol
- EDP

- Servizos de teléfono e Internet:

- Orange
- Vodafone
- Telefónica
- MásMóvil
- Virgin Telco
- Telecable
- O2
- Simyo
- Jazztel
- Amena
- Tuenti móvil
- Lowi
- Digi
- Yoigo

Esta Promoción é exclusiva do BBVA e, polo tanto, os servizos de gas, luz, teléfono ou Internet indicados, así como as empresas que os representan, non colaboran no seu desenvolvemento.

Para ver o funcionamento do “Período de Bonificación”, vai ao apartado 6 destas Bases Legais.

Para os efectos da percepción da bonificación, unicamente te poderás beneficiar dunha única promoción asociada a unha única conta, sen prexuízo de que a adhesión a esta Promoción se realice polo proceso de alta de clientes multititular do BBVA, é dicir, coexistindo dous ou máis contratos de adhesión á Promoción asociados a unha mesma conta con varios titulares.

1.3. Subpromoción por uso de tarxeta de débito:

Se cumpres os requisitos da subpromoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais relativos ao uso de tarxeta de débito, para determinar a bonificación correspondente tomarase a suma de todas as compras realizadas coa tarxeta Aqua Débito susceptibles de seren bonificadas cada mes, de tal forma que:

- Se o importe neto da suma dos cargos positivos e negativos, é dicir, compras e devolucións, que se apliquen do mes é maior ou igual a +10,00 €, a bonificación dese mes asignada será de 10,00 € brutos (8,10 € netos), cunha bonificación máxima acumulable en todo o Período de Bonificación de 120,00 € brutos (97,20 € netos), sempre que se cumpran os requisitos da Promoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais.
- Se o importe neto da suma dos cargos positivos e negativos, é dicir, compras e devolucións, do mes que se apliquen é menor a +10,00 €, a bonificación bruta asignada será igual ao importe neto que se aplique do mes, sempre que se cumpran os requisitos da Promoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais. No caso de que este importe neto sexa negativo, non se realizará ningún cargo nin bonificación por esta subpromoción.

Quedan excluídos para o cálculo da bonificación todos os pagamentos realizados coa Tarxeta relativos a cargos de entidades financeiras, bancos e seguros, criptomonedas, xogos e apostas e pagamentos a empresas de cobramento de morosidade, o pagamento de impostos, tributos, taxas ou multas de calquera organismo público, así como as retiradas de efectivo a crédito e débito.

Para ver o funcionamento do “Período de Bonificación”, vai ao apartado 6 destas Bases Legais.

1.4. Subpromoción por uso de Bizum:

Se cumpres os requisitos da subpromoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais referentes a realizar envíos ou pagamentos cun Bizum asociado á conta, para determinar a bonificación correspondente do uso de Bizum, de todos os pagamentos ou envíos realizados con Bizum susceptibles de seren bonificados, tomarase a suma de todos os que se apliquen, de tal forma que:

- Se o importe da suma dos pagamentos ou envíos que se apliquen do mes é maior ou igual a 10,00 €, entón a bonificación asignada para ese mes será de 10,00 € brutos (8,10 € netos), cunha bonificación máxima acumulable en todo o Período de Bonificación de 120,00 € brutos (97,20 € netos), sempre que se cumpran os requisitos da Promoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais.
- Se o importe da suma dos pagamentos ou envíos que se apliquen do mes é menor a 10,00 €, entón a bonificación bruta asignada será igual ao importe das compras, sempre que se cumpran os requisitos da Promoción indicados no apartado 5 destas Bases Legais.

As operacións con Bizum incluídas na Promoción que dan dereito á bonificación son pagamentos a comercios que non operen nas categorías excluídas e envíos a particulares.

Quedan excluídos para o cálculo da bonificación todos os pagamentos con Bizum relativos a cargos de entidades financeiras, bancos e seguros, criptomonedas, xogos e apostas e pagamentos a empresas de cobramento de morosidade, o pagamento de impostos, tributos, taxas ou multas de calquera organismo público.

Para ver o funcionamento do “Período de Bonificación”, vai ao apartado 6 destas Bases Legais.

2. A quen está dirixida a Promoción?

A Promoción está destinada a persoas físicas maiores de 18 anos na data de inicio da Promoción e que se desen de alta no BBVA polas vías explicadas no apartado 1. “En que consiste a Promoción?”.

3. Que tes que facer para adherirte á Promoción?

Asinar este boletín de adhesión á promoción antes do 7 de abril de 2026 Nesta data finaliza a promoción. (Período de Vixencia).

4. Quen está excluído de participar na Promoción?

Quedarás excluído da participación na presente Promoción se, durante o “Período de Vixencia” e ata a primeira entrega da bonificación, es debedor fronte ao BBVA por calquera cantidade vencida e esixible. Nese suposto, terás que regularizar a situación antes da recepción da primeira bonificación. Se unha vez chegada a data para o ingreso da bonificación non regularizaches a débeda, perderás o dereito a recibir todos os prazos da bonificación e non se che ingresará.

Poderás acceder a esta Promoción sempre que non te beneficiases con anterioridade dalgunha outra promoción por domiciliar a túa nómina, pensión ou prestación por desemprego, incentivación de uso de tarxeta débito ou crédito, uso ou activación de Bizum ou por domiciliación de recibos co BBVA.

Quedarás excluído da participación na Promoción en caso de que interviñeses na súa organización, así como se es empregado en activo ou prexubilado tanto do BBVA como do seu grupo de empresas.

5. Que pasos debes seguir para poderes participar na Promoción?

Para poderes participar na Promoción debes seguir os seguintes pasos:

- Non ser cliente do BBVA.
- Quen non causes baixa como cliente BBVA durante os 180 días anteriores ao comezo da Promoción.
- Aceptar as Bases Legais durante o “Período de Vixencia” e realizar as seguintes actuacións:
 - Darte de alta no BBVA segundo o apartado 1 destas Bases Legais, contratando unha conta transaccional con operativa propia de servizos de pagamento (de agora en diante, a “Conta BBVA”) máis a Tarxeta de Débito (de agora en diante, “a Tarxeta”) e ademais:
 - Ou: domiciliar na conta unha nova nómina ou pensión por un importe igual ou superior a oitocentos (800 €) euros ao mes. O mencionado importe mínimo de 800 € ao mes debe ser dunha (1) nómina ou pensión recibida mediante transferencia en conta, con algún dos conceptos descritos no apartado titulado “1.1. En que consiste a Promoción? Subpromoción por domiciliación de nómina ou pensión” destas Bases Legais. Non será válido o sumatorio de varias nóminas ou pensións domiciliadas no BBVA;
 - E/Ou: realizar a domiciliación de polo menos un cargo asociado a servizos de gas, luz, teléfono ou Internet na Conta BBVA correspondente a unha das empresas recollidas nestas Bases Legais e descritas no apartado titulado “1.2. En que consiste a Promoción? Subpromoción pola domiciliación de cargos”;
 - E/Ou: activar a túa tarxeta e realizar compras coa tarxeta Aqua Débito que entren dentro do descrito no apartado titulado “1.3. En que consiste a Promoción? Bonificación por uso de tarxeta de débito” destas Bases Legais.
 - E/Ou: asociar Bizum á túa conta e realizar envíos ou pagamentos cun Bizum asociado á conta que entren dentro do descrito no apartado titulado “1.4. En que consiste a Promoción? Bonificación por uso de Bizum” destas Bases Legais.
 - Informar e validar o código promocional “PLAN760” durante o proceso de alta de novo cliente nas canles que o banco ten habilitados para ese fin. Este código promocional estará dispoñible nos apartados da zona pública do web e da app do BBVA onde se describe a Promoción.

Disporás dun prazo máximo de trinta (30) días naturais, desde a sinatura do contrato da Conta BBVA, para enviases a información e documentación solicitada polo BBVA para a contratación e alta da Conta BBVA e, en consecuencia, a súa entrada en vigor. Se transcorrido ese prazo a Conta BBVA non estivese operativa porque non se puido dar de alta por falta da información e da documentación solicitadas, a Promoción quedará cancelada.

6. Que bonificación recibirás e cando?

O "Período de Bonificación" de 365 días comezará o día 1 do seguinte mes natural á data en que se complete o proceso de alta. Os pagamentos realizaranse o primeiro día hábil do seguinte mes ao peche da liquidación mensual. Como exemplo ilustrativo, se o proceso de alta de cliente se completou o 13 de xuño, o período de bonificación comezará o 1 de xullo, e calquera cargo con pagamento domiciliado, nómina domiciliada, compra con tarxeta ou pagamento/envío con Bizum antes do 1 de xullo non será obxecto de revisión/bonificación. O inicio do período de pagamento para o mes de xullo comezará o 1 de agosto no exemplo ilustrativo.

Realizarase unha única bonificación mensual, que será igual á suma das bonificacións correspondentes ás condicións que se cumpran, cun aboamento positivo polo premio e un cargo negativo descontando a fiscalidade. En caso de non cumprir ningunha das condicións, non se realizará ningún aboamento. A comprobación realizarase con carácter mensual, empezando o día 1 de cada mes natural para cada un dos Períodos de Bonificación establecidos tal e como se detalla no apartado 1.

Polo tanto:

- Se algún cargo non é de carácter mensual (bimensual, trimestral, anual etc.), só se contabilizará no Período de Bonificación en que o cargo se realizase. No caso de retirar todos os cargos domiciliados ata que o importe cobrado na Conta por tales motivos sexa igual a 0, non se recibirá a bonificación por cargos nos meses sen cargos.
- Se algunha nómina ou pensión non é de carácter mensual (bimensual, trimestral, anual etc.), só se contabilizará no Período de Bonificación en que o aboamento se realizase. No caso de retirar a domiciliación da nómina ou pensión á Conta, deixarase de recibir a bonificación por nómina nos meses sen cargos.
- Se nalgún mes non se fixo uso da tarxeta de acordo cos requisitos descritos no apartado 1.3, non se recibirá a bonificación por uso de tarxeta neses meses.
- Se nalgún mes non se fixeron pagamentos ou envíos con Bizum de acordo cos requisitos descritos no apartado 1.4, non se recibirá a bonificación por Bizum neses meses.

O BBVA ingresará a bonificación tras verificar as condicións establecidas nas Bases Legais unha vez pasados un mínimo de 7 días e ata un máximo 90 días desde a finalización de cada un dos meses do Período de Bonificación.

A bonificación non será susceptible de cambio, alteración ou compensación. Se rexeitas a bonificación, non se che ofrecerá ningunha alternativa.

No suposto de non existiren participantes, o BBVA poderá declarar deserta a Promoción.

7. Como se notifica o premio?

A comunicación da bonificación realizarase, como moi tarde, 90 días desde a finalización de cada un dos meses do Período de Bonificación.

Realizarase mediante o propio ingreso da bonificación na Conta Online BBVA titularidade do bonificado, co concepto " Promoción Plan760".

8. Que supón a aceptación das Bases Legais?

A aceptación das presentes bases legais supón a plena conformidade con elas, así como a aceptación do criterio do BBVA na resolución de calquera conflito que puidese xerar a interpretación destas. Como participante, deberás seguir as instrucións que puidese cursar, se é o caso, o BBVA.

O BBVA resérvase o dereito de desqualificarte, segundo o seu criterio exclusivo, se manipulas, intentas manipular a Promoción ou violas calquera dos termos e condicións das Bases Legais.

O BBVA poderá adoptar as decisións necesarias para a resolución das controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non te prexudiquen indebidamente e resulten equitativas.

No suposto de non cumprires as condicións de participación anteriormente aplicables, ou de non cumprires con todos os requisitos establecidos nas Bases Legais, non terás dereito a recibir a bonificación nos termos establecidos nestas.

9. Que acontece en caso de incumprires as condicións da Promoción?

A participación nesta Promoción non implica compromiso de permanencia ni conleva penalización algunha. No caso de non cumprir coas condicións necesarias para acceder á bonificación establecida nestas Bases Legais, simplemente non se outorgará dita bonificación.

Do mesmo xeito, se decides cancelar anticipadamente calquera produto ou servizo vinculado á Promoción antes de cumprir os requisitos establecidos, non se aplicará ningunha sanción nin penalización económica. Nese caso, a túa participación quedará sen efecto e non adquirirás o dereito a recibir a bonificación.

10. Que acontece en caso de cometeres ou de existir fraude?

En caso de que o BBVA, ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción, detecte calquera anomalía ou sospeite que estás a impedir o normal desenvolvemento desta, poderá de forma unilateral eliminar a túa intervención na Promoción. Con esta finalidade, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr a bonificación de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar o teu rexistro se evidencia ou sospeita unha actuación irregular no sentido descrito.

11. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos 365 días desde a data de finalización do "Período de Vixencia".

12. Que tratamento se dará aos teus datos de carácter persoal?

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. con domicilio social na Plaza de San Nicolás, 4, 48005, Bilbao e enderezo electrónico consultasgenerales@bbva.com é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites con motivo da túa participación nesta Promoción.

O BBVA necesita tratar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, idade, NIF/NIE/pasaporte, número de Conta no BBVA, da Tarxeta e os cargos asociados a servizos de gas, luz, teléfono ou Internet das empresas indicadas no apartado 1 domiciliados nesa Conta BBVA, coa finalidade de levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción e para a entrega da bonificación ou premio, en caso de cumprires coas condicións requiridas.

A base de lexitimación é a execución do presente contrato.

Conservaremos os teus datos persoais para este tratamento concreto durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizado o devandito prazo, manteremos bloqueados aqueles datos persoais que sexan necesarios durante os prazos de prescrición legal para os exclusivos efectos de reclamacións ou accións legais. Transcorridos os prazos de prescrición legal, destruiremos os teus datos.

O BBVA non vai comunicar os datos persoais a terceiros, salvo que a lei nos obrigue ou se obteña o consentimento correspondente para facelo.

Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, mediante un escrito a través de derechosprotecciondatos@bbva.com. A supresión dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción. Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, poderás contactar co delegado de protección de datos do BBVA accedendo á páxina web bbva.es, apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón: <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>. En calquera caso, poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

13. Que fiscalidade ten a Bonificación?

O aboamento da bonificación constitúe un rendemento de capital mobiliario suxeito a retención aos tipos vixentes no momento de realizalo, que actualmente para residentes fiscais en territorio español é do 19%.

Polo tanto, o BBVA, ademais dos aboamentos mensuais, farache os cargos na conta correspondentes a esas retencións, ingresará eses importes no Tesouro por conta túa e porá a disposición, para á túa declaración da renda, a información fiscal correspondente. Imputaránseche tanto os rendementos como as retencións, independentemente do resto de titulares que houber na túa conta onde se domicilia.

Para os suxeitos pasivos do imposto da renda de non residentes (IRNR) sen establecemento permanente (EP), o aboamento das bonificacións será un rendemento exento de retención na medida en que quede acreditada a non residencia en España mediante a declaración de residencia fiscal (DRF). Se non se acredita a non residencia, o aboamento das bonificacións quedará suxeito a retención (actualmente ao tipo do 19%).

Malia o anterior, se durante a Promoción se producen cambios normativos, haberá que aterse a eles se fosen de aplicación.

En caso de dúbida, consulta co teu asesor fiscal.

14. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á túa participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante se existen sospeitas dunha manipulación incorrecta da Promoción.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA queda facultado para resolver calquera continxencia non prevista nas presentes Bases Legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, en cuxo caso se compromete a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

En caso de que calquera cláusula das Bases legais sexa declarada nula ou inválida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por ela.

15. Lexislación e foro

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais correspondentes ao domicilio do participante que aceptou estas bases.